

RADIO BURELA – IES PERDOURO

presentan

**ESPECIAL PROXECTO NEO**

# A PALABRA VIVA NA MÚSICA

coa colaboración do profesor

**ANTÓN CREGO**

Mércores, 16 de xaneiro de 2013,  
entre as 5 e as 6 da tarde,  
no 107.7 (FM)



**PROXECTO NEO** cumpre un ano e queremos celebralo cun **programa especial**. Con este motivo, acompañaranos **Antón Crego**, un veciño de Burela que estudou Maxisterio en Lugo e completou a formación na facultade de Filoloxía da **Universidade de Santiago**. Desde 1981 é mestre de Inglés e, tras un periplo itinerante, obtivo destino no **Colexio Vista Alegre**. Desde 1998 exerce no **IES Monte Castelo**.

Durante trece anos (1984–1997) foi integrante do grupo **A Quenlla** como compositor e intérprete (guitarra, percusión e voz). Na actualidade non participa en grupos, mais continúa facendo composicións e gravacións.


**PROXECTO**  
**NEO**  
**radioBurela**  
**107.7**

## RADIO ESCOLAR

**PROXECTO NEO** é unha iniciativa de **radio educativa** feita por profesorado e alumnado dos institutos de Burela. Trátase dunha actividade de **reforzo da aprendizaxe** como o son as conferencias, as excursións ou os intercambios entre centros escolares.



## INICIATIVA MODELO BURELA



Este programa de radio, incluído dentro do amplo repertorio *Modelo Burela*, en activo desde 2005, complementa a intervención pedagóxica inicial que consistía nun traballo de campo destinado a facer unha recompilación documental no ámbito da localidade. Depois viñeron os seus aproveitamentos: as **exposicións**; os **encuentros Lingua Viva**; as intervencións **Palabra e Memoria e Saúde e sensibilidade**; as **cerimonias Modelo Burela** e aínda outras actuacións sectoriais como a dirixida a **comercio e empresa**.

## UN MUNDO DE OPORTUNIDADES DE PARTICIPACIÓN

Cada semana, o programa é o resultado da **implicación activa de nove persoas**, baixo a coordinación dos Equipos de Dinamización Lingüística. Este grupo de traballo selecciona o alumnado colaborador; fai os primeiros contactos coas persoas convidadas; marca as datas para as entrevistas; redixe os textos documentais e consensúa a selección musical. Durante a emisión do programa, o protagonismo é compartido polas persoas entrevistadas, polos locutores habituais e polo alumnado que axuda na locución e que está encargado da atención ás redes sociais e da reportaxe fotográfica.

**PROXECTO NEO emítese sempre en directo.** Facilitamos a participación do público, porque pretendemos conseguir unha comunicación bidireccional.



## ESCOLA DE MEDIOS TÉCNICOS



Do control técnico ocúpase **Andrés Sáinz Eváns**, estudante do ciclo medio de Electrónica. Ocasionalmente asisten outros alumnos e alumnas interesados en aprender a manexar esta tecnoloxía.

## APOIOS

Neste primeiro ano de emisión contamos co apoio fundamental de **Radio Burela**. Sen a súa disposición de servizo público e colaboración con instalacións e persoal, non poderíamos facer o programa. Tamén recibimos o estímulo do Consello da Cultura Galega e da **Consellaría de Educación**, que nos concedeu un premio de innovación educativa.

## PROXECTO NEO

**Proxecto Neo** é o resultado da colaboración entre **Radio Burela** e a área de Innovación Educativa do **Instituto Perdouro**. Estamos en antena todos os mércores entre as 5 e as 6 da tarde. Pode acompañarnos desde calquera lugar do mundo en **Radio Burela**. O programa **Proxecto Neo** ten como protagonistas os neofalantes, as fillas e os fillos adoptivos da nosa terra, especialmente de Burela.

[Páxina principal](#)

[Nós](#)

[Programación](#)

[Album Foto](#)

[IES Perdouro](#)

28/11/12

### Proxecto Neo nº34.2



Noutra tarde viaxeira, Burela foi punto de partida... e punto de chegada. Entretanto, fíxose a travesía; a través das ondas viaxamos á Coruña e, en soños, chegamos incluso a Cabo Verde. Para abrir boca, recibimos un novo colaborador para atender os mandos técnicos e falamos con el a micro aberto. Chámase **Paulo Silva Freire**, que chegou a Burela en xullo de 2011. De técnico aprendiz pasamos a técnico experimentado. No segundo corte do programa conversamos con **Andrés Sáinz Evans**, que xa está moi seguro no dominio da mesa técnica. Despois de escoitarmos a "Sementeira" de Fuxan e o "Vivir na Coruña" dos Diplomáticos, viaxamos á cidade herculina para facer tertulia coa profesora **Mariló Candedo Gunturiz**, docente da área de Pedagogía Social na Facultade de Ciencias da Educación. Unha muller moi

implicada no traballo, que o vive con tanta paixón que asumiu unha grande responsabilidade: ocuparse da presidencia de Nova Escola Galega, o colectivo profesional dos homes e mulleres que nos dedicamos á educación. Con ela falamos abertamente de varios temas: a oferta educativa da Facultade de Ciencias da Educación, o alcance da reforma educativa e o Pedrón de Ouro outorgado a **Nova Escola Galega**. Naturalmente, contounos a súa experiencia como neofalante. Como sempre, as intervencións da Mocidade Modelo Burela foron colosais. Gabi, Xoel e Aitor foron capaces de facerlle falar moito e ben á nosa convidada. Diso se trataba.

A conversa íntegra está [aquí](#)

Publicada por **Proxecto Neo** em 19:36 0 comentarios

## PROXECTO NEO: ESCOLA DE COMUNICACIÓN

En cada programa, o alumnado ten a posibilidade de realizar traballo cooperativo con prácticas de locución e de redacción. Pode participar nunha actividade que favorece a concentración e a atención ao contexto comunicativo; e ten en Proxecto Neo unha fonte de coñecemento interdisciplinar.

### COLABORACIÓN DAS FAMILIAS

As familias poden colaborar estreitamente coa radio escolar: motivando os alumnos e alumnas a participaren activamente nos traballos do equipo de radio; suxeríndonos novos temas a tratar ou propoñéndonos novas persoas convidadas; participando directamente no estudio durante a realización do programa; ou transmitíndonos opinións a través de calquera medio cos que facilitamos a participación (Teléfono da emisora, Facebook, Twitter, Tuenti, blog do programa e páxina web do instituto).

### VÍNCULO DE COMUNICACIÓN INTERCONTINENTAL

Visualizacións de páxinas por país

Entrada	Visualizacións de páxinas	Entrada	Visualizacións de páxinas
España	3629	Francia	25
Estados Unidos	277	Reino Unido	28
Rusia	73	Italia	13
Polonia	63	República Checa	4
Alemaña	35	Irlanda	4

### OUTRAS REFERENCIAS

-As gravacións de todos os programas anteriores están recollidas nun blog que se actualiza semanalmente: [www.proxectoneo.blogspot.com](http://www.proxectoneo.blogspot.com)

-Pode contactarnos directamente no 982 57 50 98 ou en [proxectoneo@gmail.com](mailto:proxectoneo@gmail.com)

